



DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS DOCENTES

Se es profe de linguas estranxeiras, velaquí presentamos este decálogo de estratexias que darán un pulo á túa práctica docente

1

COMUNICACIÓN E LINGUAXE VERBAL

- Usa preferentemente a L2 como lingua vehicular, dependendo do contexto.
- Adecúa o nivel de lingua que utilices ao nivel impartido.
- Transmite as instrucións de forma clara e precisa.
- Anticipa necesidades e aclara as dúbidas se as houber.

2

LINGUAXE NON VERBAL

- Emprega unha linguaxe corporal que contribúa a unha correcta comunicación.
- Enfatiza a información máis relevante.
- Acompaña as túas explicacións dunha impostación de voz axeitada, atraendo a atención do alumnado ou anticipando unha resposta determinada.

3

CLIMA DE AULA

- Procura que todo o teu alumnado participe de xeito equitativo, outorgando quendas de fala equilibradas e animando ás persoas menos proactivas.
- Contribúe á motivación do alumnado a través do diálogo constante. Non esquezas a importancia do sentido do humor!
- Coida do benestar emocional do teu alumnado para promover o sentido de comunidade.

4

XESTIÓN DE AULA

- Axusta a temporalización das actividades de aula e modifica o plan inicial segundo as necesidades sobrevidas.
- Procura equilibrar as actividades de xeito que se practiquen as diferentes destrezas lingüísticas.
- Utiliza recursos relevantes e pertinentes, que contribúan aos obxectivos da sesión.
- Adecúa o tratamento do erro segundo cada situación o requira.

5

AUTONOMÍA

- Centra o proceso de ensino-aprendizaxe no alumnado, fomentando a súa autonomía. O teu rol é o de facilitador/a e guía do proceso de aprendizaxe.
- Presenta ao alumnado ferramentas para que poida traballar autonomamente dende a casa, na medida das súas posibilidades convertíndose no protagonista da súa propia aprendizaxe.

6

NOVAS TECNOLOXÍAS

- Fai un uso axeitado das novas tecnoloxías na aula, sabendo en cada momento que meta pretendes acadar co seu uso.
- Explica claramente os pasos a seguir cando presentes unha app nova, para que o alumnado adquira axiña confianza.

7

PACIENCIA E SENTIDO COMÚN

- Sé paciente co alumnado. Lembra que non todo o mundo segue o mesmo camiño para chegar á mesma meta.
- O sentido común axuda a moitas cousas na vida, tamén a dar clase!

8

EDUCA NA REALIDADE

- Busca temas que sexan próximos para o alumnado e cos que se sinta identificado, especialmente nos niveis máis baixos. É moito máis fácil de comprender algo que sentimos próximo a nós.

9

AVALIACIÓN

- Que as árbores non che impidan ver o bosque. A avaliación é só unha pequena parte do proceso. Lembra que o máis importante é que aprendan a lingua e non te centres únicamente en preparar un exame.

10

SORPRESA!

- Sorprende ao teu alumnado sempre que poidas. O efecto sorpresa axuda á fixación de contidos.